

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
<b>CÓDIGO</b>	
<b>MATERIA</b>	Sistemas de Interpretación
<b>DISCIPLINA</b>	Sistemas de Interpretación I
<b>TITULACIÓN</b>	<b>Titulación Superior en Arte Dramática</b>
<b>ESPECIALIDADE</b>	Interpretación
<b>ITINERARIO</b>	Xestual
<b>CURSO</b>	3º (1º cuadr.)
<b>CRÉDITOS ECTS</b>	4
<b>CARÁCTER</b>	Obrigatoria
<b>DEPARTAMENTO</b>	Interpretación
<b>CENTRO</b>	ESAD de Galicia
<b>COORDINADOR/A</b>	Ana María Fernández Fernández
<b>DOCENTES</b>	<b>Nome e apelidos:</b> Ana María Fernández <b>Horario titorías:</b> www.esadgalicia.com <b>Despacho:</b> D2 <b>Contacto:</b> <a href="mailto:ana.mariafernandezfernandez@edu.xunta.es">ana.mariafernandezfernandez@edu.xunta.es</a> <b>Nome e apelidos:</b> Noelia Blanco <b>Horario titorías:</b> www.esadgalicia.com <b>Despacho:</b> D2 <b>Contacto:</b> <a href="mailto:noeliablanca@edu.xunta.gal">noeliablanca@edu.xunta.gal</a>
<b>DESCRIPCIÓN</b>	Estudo práctico e teórico dos diferentes estilos e métodos en interpretación.
<b>COÑECEMENTOS PREVIOS</b>	
<b>LINGUA EN QUE SE IMPARTE</b>	Galego X    Castelán X    Inglés X
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE TITULACIÓN	
<b>T2</b>	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
<b>T3</b>	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
<b>T6</b>	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersoal.
<b>T14</b>	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
<b>X3</b>	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
<b>X6</b>	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á auto-formación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
<b>X8</b>	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multi-disciplinar.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE	
<b>E11</b>	Dominar os recursos expresivos necesarios para o desenvolvemento de procesos de interpretación, actuación e representación, no ámbito escénico e audiovisual.
<b>E12</b>	Participar na creación da partitura escénica e/ou personaxe, escénico ou audiovisual, e interpretalo adecuadamente, a través do dominio das diferentes técnicas interpretativas.
<b>E13</b>	Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.
<b>E15</b>	Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.
3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Ampliar os recursos expresivos, interpretativos e creativos do estudante a través dunha análise do movemento aplicado ao xogo actoral.	T2, T3, T6, T14, X3, X6, X8, E11, E12,



XUNTA  
DE GALICIA

**ESAD** GALICIA  
Escola Superior de Arte Dramática

Rúa Poza Cabalo, s/n  
36212 VIGO (Pontevedra)  
T: 986 246 399 · F: 986 138 075  
[esad.galicia@edu.xunta.es](mailto:esad.galicia@edu.xunta.es)  
[www.esadgalicia.com](http://www.esadgalicia.com)

SISTEMA DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE

Código: DA701.03 Edición: 1

Revisión:

1 de 5

2. Desenvolver o nivel pre-expresivo a partir da gradación do uso da enerxía e a súa irradiación en escena.	T2, T3, T14, X3, X6, E11, E12, E15
3. Comprender os principios do deseño corporal a partir da articulación e segmentación corporal en planos e eixes.	T2, T3, T6, X3, X6, E11, E12, E13
4. Descubrir a intensidade corporal por medio do uso dos esforzos humanos aplicados aos distintos niveis de tensión nunha situación dramática.	T2, T3, T14, X3, X6, E11, E12, E13
5. Comprensión dos principios do corpo no espazo e do funcionamento do coro escénico en relación á escoita e atención escénica así como ao sentido compositivo grupal	T2, T3, T6 T14, X3, X6, E11, E13
6. Desenvolvemento do sentido de xogo escénico en relación á improvisación e aos procesos de creación	T2, T6, T14, X3, X6, X8, E11, E12, E13
7. Aplicación práctica das nocións fundamentais relacionadas coa dramaturxia actoral en escena.	T2, T3, T6, T14, X3, X6, X8, E11, E12, E13, E15

#### 4. CONTIDOS

TEMAS	SUBTEMAS	HORAS
1. Técnicas interpretativas no contexto do teatro xestual	1.1 Contexto histórico 1.2 Principais referentes	11
2. Exploracións psicofísicas	2.1 Presentación teórico-práctica	22
<b>TOTAL HORAS</b>		<b>33</b>

#### 5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introductorias	2	5	2
Exposición maxistral	3	5	8
Exposición práctico-teórica	12	10	22
Práctica individual		20	20
Práctica colectiva	5	15	20
Obradoiro			
Seminarios			
Actividades complementarias	3	10	8
Outros		10	
Titorías individuais	7		7
Titorías de grupo	7		
Actividades de avaliación. Probas	2		1
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	2		1
Actividades de avaliación. Revisión	2		1

	TOTAL	45	75	120
	PORCENTAXE	%		
<b>6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE</b>				
<b>Actividades</b>	<b>Descrición</b>			
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto co alumnado, así como a presentar a materia			
Exposicións práctico-teóricas	Exposicións por parte do docente sobre bases teóricas e prácticas e directrices de traballo como complementos teóricos á práctica.			
Presentacións/exposicións	Presentación e exposición por parte dos alumnos ante o docente e o resto do grupo de estudantes dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.			
Debates	Charla aberta entre un grupo de estudantes. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente.			
Prácticas de aula	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense en espazos especiais con equipamento especializado.			
Prácticas escénicas	O estudante desenvolver as actividades nun contexto relacionado co exercicio dunha profesión na área das artes escénicas			
Estudos/actividades previos	Procura, lectura e traballo de documentación, propostas de resolución de problemas e/ou exercicios que se realizarán na aula e/ou taller... de forma autónoma por parte do alumnado.			
Tutoría docente	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe, coordinación de traballos, seguimento de actividades e asesoramento para a realización de probas.			
<b>7. ATENCIÓN PERSONALIZADA</b>				
Seguimento	Farase un seguimento personalizado, facendo un análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística da forma mais adecuada.			
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inquedanzas que xurdan en cada caso.			
<b>8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN</b>				
<b>8.1 Avaliación ordinaria</b>				
<b>Ferramenta / actividade</b>	<b>Competencias avaliadas</b>		<b>Ponderación</b>	
Prácticas diarias individuais e colectivas/ Asistencia participación en clase. Registro de observación por parte d@ profesor/a da asistencia e participación.	T2,T3,T6,X1,X3, X6, X8,EI1,EI2		40%	
Participación nos debates de clase sobre as presentacións e lecturas propostas	T2, T3, T6, T14, X3, X6, X8, EI1, EI2, EI3, EI5		30%	
Presentación teórico-práctica e Memoria escrita froito da investigación	T2, T3,T6,T14, X3, X6, X8, EI1, EI2, EI3, EI5		30%	
<b>8.2. Avaliación extraordinaria</b>				
<b>Ferramenta / actividade</b>	<b>Competencias avaliadas</b>		<b>Ponderación</b>	
Análise de espectáculos	T2,T3,T6, X6, X8, EI1, EI2, EI3		30%	
Presentación teórico-práctica do proxecto de investigación	T2,T3,T6,T14, X3, X5, X6, X8,		40%	

Memoria escrita	EI1,EI2, EI3,EI5	20%
Entrevista personal	T6,T14, X3, X6, X8	10%
<b>8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria</b>		
<b>Ferramenta / actividade</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>
Análise de espectáculos	T2,T3,T6,X6, X8,,EI1,EI2, EI3	30%
Presentación teórico-práctica do proxecto de investigación	T2,T3, T6, T14, X3, X6, X8, EI1, EI2, EI3, EI5	40%
Memoria escrita	EI1, EI2, EI3, EI5	20%
Entrevista.	T6,T14, X3, X6, X8	10%

### 9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

#### REFERENCIAS ESENCIAIS:

BARBA, Eugenio (1994). *El arte secreto del actor. Diccionario de antropología teatral*. Bilbao: Artezblai.

DENNIS, Anne (2014). *El cuerpo elocuente. La formación física del actor*. Madrid: Fundamentos.

GARRE, Sol e Pascual, Itziar (2009). *Cuerpos en escena*. Madrid: Fundamentos.

JARA, Jesús (2000). *El navegante de las emociones*. Sevilla: Proexdra.

LECOQ, Jacques (2004). *El cuerpo poético*. Barcelona: Alba Editorial.

RUIZ, Borja (2008). *El arte del actor en el siglo XX*. Bilbao: Artezblai.

#### REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS:

BOGART, Anne (2007). *Puntos de vista escénicos*. Madrid: ADE.

CHEJOV, Michael (2006). *Lecciones para el actor profesional*. Barcelona: Alba Editorial.

FELDENKRAIS, Moshe (1985). *Autoconciencia por el movimiento*. Barcelona: Paidós.

FISCHER-LICHTE, Erika (2014). *Estética de lo performativo*. Madrid: Abada

LEABHART, Thomas (1998). *Modern and Postmodern Mime*. Methuen: London.

OIDA, Yoshi y MARSHALL, Lorna (2010). *Los trucos del actor*. Barcelona: Alba Editorial.

RIVERA, Alfonso (2019). *Teatro físico: la revolución de las formas*. Madrid: Ed. Fundamentos

SUZUKI, Tadashi (2003). *The Way of Acting*. New York: Theatre Communications Group.

ZARRILLI, Philip (2009) *Psychophysical acting; an intercultural approach after Stanislavski*, New York: Routledge.

### 10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

A materia de Prácticas de Interpretación está vinculada conceptual e metodoloxicamente coa súa materia correlativa aínda que cada unha teña a súa propia nota.

#### MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou semi-presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala.

Para o caso da avaliación non presencial de toda a disciplina, as ferramentas e actividades de avaliación serían as que seguen:

- Cuestionario/exame sobre contidos conceptuais (20%)
- Análise de espectáculos (20%)
- Presentación telemática do(s) proxecto(s) de investigación (30%)
- Memoria de traballo (20%)
- Entrevista telemática (10%)

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas.

**AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INTRUCIÓN S QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).**